

# Condicións da promoción Financiamento Euríbor + 0%

**O financiamento está suxeito á aprobación previa do banco.** É posible que o BBVA non che conceda o préstamo ou límite de crédito. No caso de límites de financiamento de importacións / anticipo de exportacións, tamén pode acontecer que, unha vez autorizado o límite, o BBVA che denegue algunha das solicitudes de disposición.

**Promoción válida ata 31/01/2024 para novos clientes persoas físicas, ou xurídicas con facturación anual inferior a 5 millóns de euros/ano.** Promoción aplicable aos seguintes produtos: Conta de crédito, desconto comercial, anticipos cargos SEPA, límites de financiamento de importacións, anticipo de exportacións e préstamo empresarial (a 12 meses máximo). Financiamento a euríbor + 0% durante o primeiro ano para un importe máximo de 30.000 €, asignable a un único produto dos incluídos na promoción, non podendo repartirse entre varios deles. As principais comisións financeiras (apertura, estudo, dispoñibilidade e cancelación anticipada) de cada produto quedan excluídas desta promoción e negociaranse individualmente en cada proposta.

**Por exemplo,** para un Préstamo Empresarial con referencia a euríbor trimestral con data 09/10/2023: TIN 3,98%, **TAE variable 6,0169%**, por un importe de 30.000 € a 12 meses, pagarías 2.554,22 €/mes (importe total de 30.950,67 €, comisión de apertura do 1%).

Para unha Conta de Crédito con referencia a euríbor a 90 días contratada o 10/10/2023: TIN 3,98%, **TAE variable 5,0861%**, para un límite dispoñible de 30.000 € con liquidacións trimestrais e un uso medio do crédito do 50%. Comisión de apertura do 1% e comisión de dispoñibilidade do 0,10%.

**Produtos excluídos da promoción:** Click&Pay, Préstamo Impostos, Confirming e Factoring.

**Antes de finalizar a promoción,** nas operacións con límite de crédito realízase o estudo de aprobación correspondente para a súa posible renovación e revisaranse as condicións económicas aplicables a partir do vencemento do primeiro ano.